

Álvaro Cunqueiro: tres poemas en catalán e unha carta en galego a Tomàs Garcés

Xesús Alonso Montero

Formas de citación recomendadas

1 | Por referencia a esta publicación electrónica*

ALONSO MONTERO, XESÚS (2011 [2003]). “Álvaro Cunqueiro: tres poemas en catalán e unha carta en galego a Tomàs Garcés”. En Jordi Cerdá, Víctor Martínez-Gil e Rexina R. Vega (eds.), *Álvaro Cunqueiro e as amizades catalanas. Actas*. Sada (A Coruña): Edicións do Castro, 11-29. Reedición en *poesiagalega.org. Arquivo de poéticas contemporáneas na cultura*. <<http://www.poesiagalega.org/arquivo/ficha/f/511>>.

2 | Por referencia á publicación orixinal

ALONSO MONTERO, XESÚS (2003). “Álvaro Cunqueiro: tres poemas en catalán e unha carta en galego a Tomàs Garcés”. En Jordi Cerdá, Víctor Martínez-Gil e Rexina R. Vega (eds.), *Álvaro Cunqueiro e as amizades catalanas. Actas*. Sada (A Coruña): Edicións do Castro, 11-29.

* Edición dispoñíbel desde o 21 de marzo de 2011 a partir dalgunha das tres vías seguintes: 1) arquivo facilitado polo autor/a ou editor/a, 2) documento existente en repositorios institucionais de acceso público, 3) copia dixitalizada polo equipo de *poesiagalega.org* coas autorizacións pertinentes cando así o demanda a lexislación sobre dereitos de autor. En relación coa primeira alternativa, podería haber diferenzas, xurdidas xa durante o proceso de edición orixinal, entre este texto en pdf e o realmente publicado no seu día. O GAAP e o equipo do proxecto agradecen a colaboración de autores e editores.

ÁLVARO CUNQUEIRO: TRES POEMAS EN CATALÁN E UNHA CARTA EN GALEGO A TOMÀS GARCÉS

Xesús Alonso Montero
Universidade de Santiago de Compostela

1. Nota preliminar -

Na miña disertación do 21 de novembro do 2001, só me referín a dous poemas de Cunqueiro en idioma catalán, os dous de 1935: «Cantiga catalana», dedicado a Tomàs Garcés, e «La nit és bruna», dedicado a Josep Carner. Na citada disertación pouco —moi pouco— engadín ó que foi exposto no artigo publicado en *Madrygal* co título «Dous poemas en catalán de Álvaro Cunqueiro» (Alonso / Avenzoza 1998: 27-37). Eu son o autor da primeira parte deste traballo («I. Cunqueiro, os poetas cataláns e dous poemas seus nesta lingua»), e a profesora Gemma Avenzoza i Vera, da segunda («II. Sobre el catalán de Cunqueiro»).

O poeta galego iniciou con Garcés a súa relación literaria, que durou toda a súa vida, cando era moi novo: «Desde 1934 soy amigo del poeta catalán Tomàs Garcés. Lo conocí cuando fui por primera vez a Barcelona, en aquel año, invitado por Carles Riba a leer unos poemas míos, en lengua gallega, en “Amics de la poesia”, y, de paso, a dar una charla en una hermosa exposición de nuestro pintor Manuel Colmeiro» (Cunqueiro 1971)¹. Xa falecido Cunqueiro, Tomàs Garcés,

¹ No artigo «Las amistades catalanas», *Faro de Vigo* (1971), Cunqueiro comenta o libro de Garcés *Plec de poemes* (1971).

nunha carta a min, referíase á relación nestes termos: «... mi gran amigo Cunqueiro, que lo era ya entonces (1935) y lo fue toda su vida...» (30-3-1982) (Alonso 1993: 115).

Foi Tomàs Garcés quen lle publicou en *Quaderns de Poesia*, que codirixía, no número 4 (novembro de 1935), a «Cantiga catalana», e todo fai supoñer que foi Garcés quen exerceu de «diccionario vivente» de Cunqueiro como poeta en catalán. (A expresión, «diccionario vivente», é a empregada por Ernesto Guerra da Cal para defini-la súa «colaboración» nos *Seis poemas galegos* de García Lorca, outro poemario alófonico)². O poema «La nit és bruna», dedicado a un gran poeta catalán daquela hora, Josep Carner, permaneceu inédito varias décadas, ata 1991.

Na miña disertación barcelonesa do 21 de novembro só me referín a estes dous poemas en catalán, os únicos que coñecía, de Cunqueiro, nesa altura. Ese mesmo día a sorte puxo nas miñas mans a fotocopia dunha carta de Cunqueiro a Garcés, do ano 1936, na que o noso poeta lle comunica que xa ten escritos seis poemas en catalán, un dos cales reproduce en parte. Debo esta utilísima carta á xenerosidade do profesor Víctor Martínez-Gil, autor, no Congreso de novembro, da ponencia «Álvaro Cunqueiro en els escriptors catalans: una imatge de Galícia».

Na ponencia que agora redacto terei en conta, por razóns elementais, os datos e o poema catalán da carta, que descoñecía cando expuxen, oralmente, o 21 de novembro, «Cunqueiro, poeta catalán».

2. Cunqueiro, satisfeito da súa musa catalana

Sempre que teño ocasión, láíome de que aínda permaneza inédita a *Antoloxía da poesía galega contemporánea* que no verán de 1936 preparaba —e tiña moi adiantada— Xosé

² Lémbrese a carta de E. Guerra da Cal (Nova York) a Eduardo Blanco-Amor (Buenos Aires) de 1949: «... mi intervención fue servirle de diccionario viviente».

Filgueira Valverde. Era unha Antoloxía consultada, como a famosísima de Gerardo Diego (1932), a quen seguía, no esencial, na concepción. A Antoloxía tamén foi vítima da Guerra Civil, senrazón pola cal o responsable non chegou a recibir algunhas respostas, entre elas a de García Lorca. Cóstanos, sen embargo, que as recibidas foron bastantes, razón pola cal non se comprende por qué Filgueira Valverde non nos legou, nun volume, tanto e tan valioso material poético, algún, aínda hoxe, inédito. Eu reprocheillo, garimosamente, máis dunha vez. Hai que agradecerlle, sen embargo, que, nos últimos anos da súa vida, co gallo do Día das Letras Galegas, publicase algúns capítulos, entre eles o de Álvaro Cunqueiro, que é o que arestora nos importa.

Cunqueiro responde ó Inquérito de Filgueira Valverde o 7 de marzo de 1936, resposta na que, ademais dos datos autobiográficos e bibliográficos requiridos, comunícalle qué poemas seus deben figurar na Antoloxía consultada; tamén lle adxunta os textos, que constitúen, entre éditos e inéditos, un mollo. Os dous primeiros son os poemas cataláns, un, daquela, non inédito³.

Téñase en conta que se trata dunha Escolma de poesía galega, característica, esencial, que non ignora Cunqueiro, quen, pese a isto, envíalle a Filgueira Valverde dous poemas noutro idioma, pero nun idioma que non é o castelán. Polo que sabemos, ningún dos poetas encuestados, case todos bilingües, ofreceu ó responsable da Antoloxía textos en lingua castelá. O único que rompe co criterio idiomático —monolingüismo en galego— é Cunqueiro, pero rómpeo por outra vía, a do catalán, máis admisible, sen dúbida.

Hai que supoñer que Cunqueiro está satisfeito, moi satisfeito, dos seus poemas en catalán. En calquera caso, naquela situación, non é o mesmo escribir en castelán, lingua «invasora», que

³ A «Cantiga catalana», que publicou *Quaderns de Poesia*, 4 (novembre de 1935) na sección «La musa políglota», sección na que figuran, entre outros, «Madrigal á cibdá de Santiago», de Lorca.

facelo en catalán, lingua «irmá» como lingua que cómpre reivindicar, lingua, por outra parte, que implica no poeta unha curiosidade e un saber especiais, pouco comúns. Hai que supoñer que Cunqueiro, nos días en que redacta estes poemas en catalán (fins de 1935), está engaiolado e motivado pola alofonía galega de García Lorca⁴. Nestas coordenadas, Cunqueiro, en marzo de 1936, remite a Filgueira, para a súa Antoloxía consultada da poesía *galega*, dous poemas en catalán. Non ten dúbida: estaba satisfeito deles e orgulloso do feito de poetizar nesoutra lingua.

En 1991, Filgueira Valverde publicou, co título *Autopoética e poesías (1935)*, o material literario e os poemas con que Cunqueiro respondêu ó Inquérito⁵. É nese ano cando deixa de ser inédito o poema que se abre co verso «La nit és bruna».

Este e a «Cantiga catalana», que non ten título no envío de 1936, son os poemas que examina lingüisticamente Gemma Avenozza no artigo citado e chega a conclusión de que a «corrección lingüística de Cunqueiro» é «máis que notable». A profesora Avenozza non só fai unha análise lingüística polo miúdo senón que sinala, como fonte do primeiro texto, un poemario de Tomàs Garcés (*Paradís*, 1931), e, verbo do segundo, apunta que nel hai ecos de Joan Salvat-Papasseit. En apéndice, a profesora Avenozza ofréceno-la versión galega dos dous poemas, traducións cheas de rigor filolóxico.

⁴ Nesas datas coñecía o primeiro poema de Lorca, o «Madrigal...» (*Yunque*, 6 [1932]) e tiña noticia, cando menos, da inminente saída dos *Seis poemas galegos*, que apareceron, segundo o texto do colofón, «o 27 de Nadal do 1935» (Compostela, Nós). De feito, co título «Ágoa anterga», publica unha «reseña» o 13 de outubro de 1935 (*El Pueblo Gallego*, Vigo) na que, despois de anunciar que a Editorial Nós «vai a publicar seis poemas galegos de F. G. L.», afirma que son poemas «escritos nun galego lixeiro, rico, feliz en tanta ricura...».

⁵ A carpeta consta de dous opúsculos: o que contén o facsímile dos manuscritos e o que contén as transcricións.

3. Carta de Cunqueiro a Tomàs Garcés de xaneiro de 1936 (con poema)

Velaquí a transcripción do que nos importa:

Meu amigo: Recibín a sua derradeira carta i-os «Quaderns» 4 e 5. Gracias. [...] Dende logo eu quero o [diccionario] de Fabra que me ofrez e ben llo agradezo. Sigo escribindo en catalán. Xa teño seis cantigas. Farei dez e llas mandarei. Fizen outra «clava de cantar»:

«La flor del cantar
es un colomar
Amb amor viurás!»

e duas «trobas»: «Aquesta es la cançó del rossinyol de la mort cruel» que comeza:

DISCURSO

«Sento els seus ulls parlar sota las llunas.
Entremitg de las cérvolas feridas
sota las llunas sento els seus ulls parlar
sento els anelles d'or i el capdell de les ombres
sento ferres i soletats, llanças sonoras.
Sortint del cel ha mort la branca nova.
Aquesta es la cançó del rossinyol de la mort cruel.»

Logo segue a canzón. A outra troba é: «Cançó verda de la mar i tots els velers».— Non creo que todo isto teña moito valor. Soio sei decir que a léngua héme docísima.

Eu estou encantado de que vosté se interese pólo galego e queira traducir algunha cousa miña. [...]

Ren mais. Mándeme o Dizoario i-â Gramática. Saúde a todos, saúde a Maria Luz...

No encabezamento da carta, en canto á data, só se consigna o día e o mes (9 de xaneiro), pero non o ano, forzosamente 1936, pois Cunqueiro aclara que acaba de recibir dous números de

Quaderns de Poesia, o 4 e o 5, que son, respectivamente, de novembro e decembro de 1935⁶.

En canto á información, a que máis nos importa é a que se refire á actividade poética en catalán. Se Cunqueiro non fabula, nese momento é autor, xa, de seis poemas nesa lingua: os dous que coñecemos; o que transcribe, incompleto, na carta, e tres máis (sobre algún dos cales dá algunha noticia na misiva). Tamén lle comunica a Garcés que se propón chegar a dez.

Para exercer esta tarefa poética solicita do poeta catalán un Dicionario (o de Pompeu Fabra) e unha Gramática. Cumpriría consulta-la biblioteca mindoniense de Cunqueiro para sabermos se Garcés atendeu a solicitude e sería útil examina-los arquivos do poeta catalán, destinatario, o máis probable, das cantigas catalanas mencionadas na carta de xaneiro de 1936.

Na despedida, Cunqueiro manda saúdos para María Luz, nome que reclama de nós, neste traballo, unha aclaración. Trátase de María Luz Morales Godó, coruñesa, desde nena en Barcelona, onde morreu no ano 1980. Xornalista de éxito (ás veces, co pseudónimo de «Felipe Centeno») xa antes de 1936, na Guerra Civil, en Cataluña, territorio leal, dirixe *La Vanguardia*. Finalizada a Guerra dos Tres Anos vive a experiencia das cadeas franquistas e, despois, as dificultades de toda escritora «non afecta». Desde 1948 vencéllase ó *Diario de Barcelona*, e, a partir deste ano, a súa actividade literaria vai ser moi intensa en varios eidos, desde a crítica teatral (que exercera con éxito antes do 36) á novela pasando pola biografía. En 1954, proporcionará a Tomàs Garcés libros que lle cumprían para a realización dos *Deu poemas gallecs*, tarefa na que colaborou, con María Luz Morales, Carlos Martínez-Barbeito, escritor coruñés daquela residente en Barcelona, e

⁶ Quero aclarar que o profesor Martínez-Gil dooume, coa fotocopia da carta, a do sobre cuio mataselos (Mondoñedo / 19 Nov. 35) corresponde, sen dúbida ningunha, a outra carta.

sempre un gran bibliógrafo e bibliófilo galego⁷. No prólogo Garcés reconece e agradece estas axudas bibliográficas: «María Luz Morales i Carlos Martínez-Barbeito, amics cordials, guies eficaces, em deixen llibres que altre temps van ser a la meva taula.»

4. A «Cançó del rossinyol»: ¿orixinal ou traducción do galego?

No opúsculo *Nenia. Tres pequenas versións tristes de Rosalia de Castro, Antonio Nobre, Enrique Heine*, de 1936⁸, a *nenia* terceira coincide, en gran parte, co texto catalán que vimos de reproducir. Cotéxeo o lector con este texto en galego:

Enrique Heine

Sinto os seus ollos falar baixo das lúas
Entremedio das cervas malferidas
baixo das lúas sinto os seus ollos falar
sinto os colares de ouro i-o novelo das somas
sinto ferros e soedás lanzas sonoras
Saindo do ceo finóuse a ponla nova
Tres cabalos lle galopan o peito

Un leva a frol
outro a canzón
i-o mais pequeno
o seu corazón!

Ista é a canzón do reiseñor da morte cruel

⁷ Sobre a relación, moi importante, de Carlos Martínez-Barbeito coa intelectualidade catalana na década dos 50, cf. o vol. citado, *Carles Riba e Galicia*, que acolle dous traballos seus e cartas de escritores cataláns a el (Alonso 1993: 39-59).

⁸ Para a datación, atémonos á páxina bibliográfica que figura en *Elegías y canciones* (Cunqueiro 1940). Nesa páxina lemos: «Tres versiones tristes. Rosalía de Castro. Antonio Nobre. Heine (“Edición Nenia”). Villagarcía, 1936.» O prudente é pensar que se publicou nos inicios dese ano.

No texto galego hai dúas novidades: un verso, o 7, e unha cántiga de catro versos curtos, «a canzón» de que fala Cunqueiro na carta e que non reproduce. Estamos, pois, no esencial, ante o mesmo poema. O problema, o único, en realidade, é: ¿cal das versións foi a orixinal? Existentes, ámbalas dúas, a comezos de 1936, ¿cal delas foi a primeira? Non sería moi malicioso pensar no texto galego, constituído por versos de estrutura sintáctica sinxela e cun léxico poético (cervas, colares de ouro, soedás, reiseñor...) moi familiar para Cunqueiro, quen, aínda «sen gramáticas nin dicionarios», non tería moita dificultade para trasladar ó catalán este poema.

5. Apéndice. Máis sobre a relación Álvaro Cunqueiro-Tomàs Garcés

Cando se produce o encontro entre os dous poetas, en Barcelona, no ano 1934, Garcés xa tiña relacións epistolares, polo menos, con Vicente Risco. Lemos no prólogo de *Deu poemes gallecs*: «Regirant vells papers, en un dels meus calaixos, he retrobat, en tinta verda, la fina lletra de Vicente Risco (1920).» Nese ano, publica Garcés, en catalán, un artigo na revista *Nós*, que Risco dirixe («Àngel Guimerà, poeta», 3).

O galaicismo de Tomàs Garcés, iniciado en 1920 á sombra de Risco, está presente na súa obra en moitos momentos, especialmente nos seus últimos anos. No poemario *Plec de poemes* (Garcés 1971) figura un «Tríptic galaic», que contén: «Sense brida ni genet», «Monfero» e «L'ombra de Rosalia», e en *Escrit a terra* (Garcés 1985), ofréceno-la composición «Paisatge gallec». Galicia ocupa varias páxinas no seu diario, *El temps que fuig*, especialmente as que se refiren a agosto de 1966, datas nas que visita Vigo, Santiago... Son páxinas nas que fala de varios escritores galegos: Celso Emilio Ferreiro, «el meu vell amic Álvaro Cunqueiro» e, sobre todo, Aquilino Iglesia Alvariño, que falecera en 1961 (Garcés 1988: 117-127).

Sen embargo, o capítulo máis fermoso na historia do galai-

cismo de Garcés é o que protagonizou no ano 1954: o máis fermoso e, como imos ver, o máis comprometido. É o ano no que publica, pola súa conta, unha breve escolma de poesía galega: *Deu poemas gallecs* (Traducció de Tomàs Garcés). Na cuberta e na portada, debaixo dunha vieira, «Santiago / 1954».

Velaquí o «decálogo» poético de Garcés: Rosalía («Ombra negra»), A. Noriega Varela («Ara és bedoll»), R. Cabanillas («Camí llarg»), Euxenio Montes («Boira»), Manoel Antonio («Sols»), Luís Amado Carballo («Alta nit»), Bouza-Brey («A cau d'orella»), A. Iglesia Alvariño («Sota els avellaners»), A. Cunqueiro («Cantiga nova») e M. Cuña Novás («El carro»).

¿Por qué este libriño, xa unha alfaia da poesía galega na súa proxección exterior? En carta a min do 30 de marzo de 1982, expón:

He amado a Galicia a través de sus poetas. La amistad de Cunqueiro renovó mi interés. Pero mi conocimiento de la lengua gallega es imperfecto. Así y todo, en 1954, con ocasión del Congreso de Poesía de Santiago de Compostela, al que, por razones políticas, una serie de poetas catalanes no quisimos asistir (se estaba haciendo un doble juego en las alturas), me lancé, con la ayuda de Martínez-Barbeito y M.^a Luz Morales, a traducir una muestra de poesía gallega, *Deu poemas gallecs*, del cual sólo me quedan un par de ejemplares. Mandé bastantes a Galicia. ¿Lo tiene Vd.? Fue el homenaje de un poeta ausente. (Alonso 1993: 115)

Ausente fisicamente, sen dúbida, pero moi presente en espírito, tanto que o opúsculo saíu baixo a ficción de que se editara en terras galegas: «Primera edición: Santiago 1954». O propio Garcés pronúnciase sobre a cuestión noutra carta a min (9-V-1982):

Esta vez no respondo con tanta rapidez a su carta del mes pasado. Pero es que me costó un poco encontrar el último ejemplar que me quedaba (salvo el mío) de los *Deu poemas gallecs*. Figura, simbólicamente, editado en Santiago, pero ya sabe

usted que lo hice en homenaje a la cultura gallega en ocasión del còngreso al que no quise —y me dolía— asistir. (Alonso 1993: 116)

En efecto, o terceiro Congreso de Poesía tivo como escenario Galicia (Santiago, Padrón, Pontevedra, Illas Cíes) e a el non asistiu Tomàs Garcés. A razón, como el refire, era política: repulsa ó Ministerio de Información que se negaba a autorizar, malia as teimosas xestións de Carles Riba, unha revista de poesía en catalán. Precisamente Carles Riba prometera a súa presenza no Terceiro Congreso se o Ministerio autorizaba a publicación. Non foi así, a pesar do cal Riba asistiu, na crenza, sen dúbida, de que o ministro (Gabriel Arias Salgado) reconsideraría a súa vella posición⁹. Garcés, que fala de dobre xogo nas alturas, non asistiu... fisicamente. Sobre a cuestión, J. M. Solé i Sabaté e Joan Villaroya ofrecen máis precisións: «És denegat oficialment el permís per a publicar a Barcelona una revista catalana (estrictament literària i artística) que, amb el títol de “Monitor de les Arts”, patronitzen Carles Riba, Tomàs Garcés, Marià Manent i J. V. Foix» (Solé / Villaroya 1994: 187).

Na Biblioteca Penzol (Vigo) obra unha carta de Cunqueiro a Xosé María Álvarez Blázquez na que lle comunica, entre outras cousas, que tratou de conseguir de Serrano Castilla (Delegado de Información e Turismo na Coruña) permiso para que *Deu poemes gallecs* non circulase clandestinamente. Foi inútil. Na carta, moi breve, hai algunhas observacións de Cunqueiro sobre Tomàs Garcés que nos parecen moi lixeiras e que o lector verá en apéndice. Garcés, no limiar do fermoso opúsculo, fala do poeta Cunqueiro nestes atinados e cálidos termos: «Amb els [llibres] d'Alvaro Cunqueiro, que a las portes del 36 lligà saviament tradició i modernitat, en les seves cantigues cristallines...». Este prólogo apareceu pouco despois en castelán, en traducción do autor, en *Alborada*, revista do Centro Galego de Barcelona (1955).

⁹ Para noticias sobre esta cuestión, cf. Cano 1986. As páxinas que aquí interesan reproducense en *Carles Riba e Galicia* (Alonso 1993: 85-86).

Bibliografía citada

- Alonso 1993; Xesús Alonso Montero, *Carles Riba e Galicia*. Vigo: Galaxia, 1993.
- Alonso / Avenzoza 1998; Xesús Alonso Montero / Gemma Avenzoza, «Dous poemas en catalán de Álvaro Cunqueiro», *Madrygal* (Revista de Estudios Gallegos), 1 (1998): 27-37.
- Cano 1986; José Luis Cano, *Los cuadernos de Velintonia*. Barcelona: Seix Barral, 1986.
- Cunqueiro 1940; Álvaro Cunqueiro, *Elegías y canciones*. Barcelona: Editorial Apolo, Colección Azor, 1940.
- Cunqueiro 1971; Álvaro Cunqueiro, «Las amistades catalanas». *Faro de Vigo* (1971).
- Cunqueiro 1991; Álvaro Cunqueiro, *Autopoética e poesías.-1935.- Autógrafos e inéditos de Álvaro Cunqueiro*. Presentación de Xosé Filgueira Valverde. Consello da Cultura Galega, 1991.
- Garcés 1971; Tomàs Garcés, *Plec de poemes*. Barcelona: Edicions Polígrafa, 1971.
- Garcés 1985; Tomàs Garcés, *Escrit a terra*. Barcelona: Columna, 1985.
- Garcés 1988; Tomàs Garcés, *El temps que fuig*, en *Prosa completa*, I. Barcelona: Columna, 1988.
- Solé / Vilarroya 1994; J. M. Solé i Sabaté / Joan Vilarroya, *Cronologia de la repressió de la llengua i la cultura catalanes (1936-1975)*. Barcelona: Curial, 1994.

Paradis, Enlloc
l'aigua es flor
i l'ànima em roba
mon amor!

La mar es encara una noia nova
i per cims d'Enlloc seu cos s'enfonça
mon amic!

El veler es un roser florit
i el vent nov una fletxa d'or fi,
mon amor!

Ocells refilen sota el cel d'Enlloc
que es un mon blau de suau remor,
mon amic!

Aigües dels rius de la verde riba
veniu als arbres del Paradis! us crida
mon amor!

Enlloc, Paradis
ferit m'he vist
de flors el pit
mon amic!

«Tomàs Garcés

«Cantiga catalana»: versió manuscrita.

CANTIGA CATALANA

Paradís, Enlloc,
l'aigua és flor
i l'ànima em roba
mon amor!

La mar és encara una noia nova
i per cims d'Enlloc el seu cos s'enfonsa
mon amic!

El veler és un roser florit
i el vent nou una fletxa d'or fi
mon amor!

Ocells refilen sota el cel d'Enlloc
que és un món blau de suau remor
mon amic!

Aigües dels rius de la verda riba
veniu als arbres del Paradís! us crida
mon amor!

Enlloc, Paradís,
ferit m'he vist
de flors el pit
mon amic!

«Cantiga catalana»: versión impresa.

La nit es bruna
Tres estrelles son tres
i l'alosa es una

L'alosa es poncella
no se si fruita
no se si estrella

L'aire ha dit
que l'aigua i la rosa
l'han adormit

L'nigua ha cantat
que l'aire i l'alba
l'han despertat

Qui tingui amor
qui vinga aquí
donar la flor!

a Josep Carner

«La nit és bruna».

mondoñedo, 9 Xaneiro

Meu amigo: Recibin a súa derradeira carta
i-os "Quaderns" 4 e 5. Gracias. Alas non lle non
poiden contestar. Estiven vos doce días no leito con
un catarro ben forte i-ainda non sallo case da
casa. Inda non fun á montaña ollar a neve.
Oxe escribin a Compostela pra que lle manden
o Diccionario de Carré, que aínda que non seña moi
bon é o millor que hai. Dende logo eu quero o
de Fabra que me ofrez e ben llo agradezo. Sigo
escribindo en catalán. Xu teño seis cantigas. Farei dez
e llas mandarei. Fizen outra "clava de cantar":

"La flor del cantar
es un colomar
Amb amor viurás!"

e duas "trobas": "Aquesta es la cansó del rossinyol de la
mort cruel" que comenza:

DISCURSO
"Sento els seus ulls parlar sota las llunys.
Entremity de las cérvolas feridas
sota las llunys sento els seus ulls parlar
sento els anelles d'or i el capdell de les ombres
sento ferres i soletats, llancas sonoras.
Sortint del cel ha mort la branca nova.
Aquesta es la cansó del rossinyol de la mort cruel."

Carta de Álvaro Cunqueiro a Tomàs Garcés (9-I-1936).

Logo segue a canción. A outra traballo é: "Canxéi verda de la mar
i tots els vèlers". — Non creas que todo isto teña moito
valor. Soio sei decir que a lénxua héme docísima.
Eu estou encantado de que vosté se interese polo galego
e queira traducir algunha cousa miña. Qué libros meus
fén? Lle mandarei unha lista de verbas e modismos dos dialectos
"marinán" e "brañego" — a miña terra natal vai dende a Terra
Chã, Meira i-as Grañas até as Mariñas i-a ribeira cantá-
brica — que eu uso. O pazo de Badón, solar dos Alonso Mór, miña
liña materna, é montañés, "brañego" i-ali eu me criei. A Valgaña, en
San Martín, está sobre a mar, é ribeirana, "marinán" i-ali pasei eu
tódolos veráns, Condado dos Uria hasta Viveiro, que era terra
d'El-Rei.

Si poido, esta Primavera quizares vaia a Barcelona. Penso ir a
Madrid e si vou, alá para Marzal verei Catalunya.

Reo mais. Mándeme o Dicionario i-a Gramática. Saúde a todos,
saúde a Maria Luz e vostede téñame ben amigo

Álvaro Cunqueiro

Carta de Álvaro Cunqueiro a Tomàs Garcés (9-I-1936).

Querido Xosé M^a: Como prometín, mándoche o librino "Deu poemas gallecs", traducidos ao catalán por Garcés. Non houbo maneira de chegar ao permiso da censura, nin en Barcelona, nin por min na Cruña, pese á miña amizade co Serrano Castilla.

Eu escribinlle ao Garcés decíndolle que vos poderíades distribuir uns cincuenta oisemprares na Galicia e na América, e que il vos escribira. A miña intención é que il poida cobrar os gastos d'ista edición. Agera ben, o Garcés, como bo catalán, non é home arriscado. Todo o heroísmo catalá, derramaron os almogavres, -que eran sorianos e d'istos sorianos, algún galego natural-, e quizaves tona certo medo a ser perseguido por publicación clandestina ou algo así. Pro eu coído que todo se pode facer de amigo a amigo, con tino e segredo.

Moito sentín que trouxerades tanta presa na vosa primeira viaxe pola miña diócesis, e que non vos poidera eu pór mesa e mantés. Quede pra outra data, pro tendes de comprar connigo.


Unha aperta a teus irmáns, e pra ti -- alvaro

de
f - u - g - a - d - o

Carta de Álvaro Cunqueiro a Xosé María Álvarez Blázquez (¿1954?).

DEU POEMES GALLECS

Traducció de
TOMÀS GARCÉS



SANTIAGO

1954

Portada de *Deu poemes gallecs* (1954).

DEU POEMES GALLECS

A Xesús Alonso Montero,
amb agraïment,
aquest modest homenatge
a Galicia, en la seva presència.

J. Varcó

maig de 1982

Dedicatòria dun dos 250 exemplares de *Deu poemas gallecs* (1982).